

INSTRUCCIÓNS DE REXISTRO DE INDICADORES DE COMUNICACIÓN DE ACTUACIÓNS COFINANCIADAS CON FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL E FONDO SOCIAL EUROPEO (2014-2020)

Para garantir a transparencia das axudas procedentes dos Fondos Comunitarios é preciso levar a cabo unha serie de accións que fagan chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo correspondente programa operativo.

As entidades subvencionadas a través das medidas postas en marcha na área de inclusión social e inmigración da Xunta de Galicia e financiadas polo Fondo Social Europeo deben cumprimentar os indicadores relativos ás accións de divulgación e comunicación das medidas/actuacións subvencionadas.

A continuación, preséntanse unhas instrucións, en base ao artigo 155 do Regulamento (CE) 1303/2013 que detalla normas relativas ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público e as medidas de información dirixidas aos solicitantes e aos beneficiarios.

En liñas xerais o Estado membro, a autoridade de xestión e os beneficiarios adoptarán as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas por un programa operativo de acordo co Regulamento sinalado.

Responsabilidade das Entidades

As responsabilidades mínimas das entidades subvencionadas son as seguintes:

- **Mostrar o emblema da Unión**, de conformidade coas características técnicas establecidas no acto de execución adoptado pola Comisión segundo o artigo 115, apartado 4, e unha referencia a Unión Europea.
- Mostrar unha **referencia ao Fondo** que dan apoio a operación.

O emblema da Unión e a referencia ao Fondo, que se debe empregar, está a disposición das entidades na web corporativa da Xunta na área de Benestar e é este:



Fondo Social Europeo
FSE inviste no teu futuro



**FONDO EUROPEO
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
Unha maneira de facer Europa"

O texto que debe acompañar ao emblema da unión é o seguinte: **"Esta actuación enmárcase dentro do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER ou FSE Galicia**

2014-2020, no seu obxectivo 9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación”.

Non obstante o anterior, **recomendamos** que aos efectos de homoxeneizar a comunicación sobre a contribución europea, nas accións de difusión “non oficiais”, entendendo como tales as accións de difusión realizadas nos medios (spots en TV, anuncios en prensa, cuñas en radio, “banner” en internet, notas de prensa,...), **na medida do posible, se inclúa a mesma frase, xunto ao LOGO completo do fondo.**

De forma concreta, durante a realización dunha operación, a entidade subvencionada informará ao público, **con carácter obrigatorio**, do apoio obtido dos Fondos da seguinte forma:

- Facendo unha breve **descrición nun sitio de Internet** (como por exemplo na web corporativa da entidade subvencionada) no caso de que dispoña dun, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, sinalando os seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro da Unión (mención do Eixe prioritario)
- Colocando, a lo menos un **cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3)** no que se mencionará o nome da medida/actuación ou operación, o obxecto principal da medida ou operación e a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada das instalacións onde se desenvolvan as actuacións ou local da Entidade. Para este punto deben seguirse as características técnicas adoptadas pola Comisión de conformidade co artigo 115, apartado 4.

A Entidade tamén se asegurará de que as partes que interveñen nas medidas ou operacións son informadas de dito financiamento.

Temporalidade das medidas

O órgano xestor solicitará ás entidades os seus **indicadores** de comunicación xunto **coas probas documentais ou gráficas**, en dous momentos concretos, primeiro os indicadores realizados no primeiro semestre do ano e segundo os indicadores do segundo semestre ou último período de execución da subvención.

Tipos de actuacións de comunicación

Hai que ter en conta que un acto de comunicación pode levar asociadas varias actuacións de comunicación e cada unha delas aparelada un determinado indicador por tipoloxía. Por exemplo un acto de divulgación como pode ser unha xornada pode levar asociada varias actuacións de divulgación, como pode ser a propia xornada, un cartel, unha aparición en prensa, un díptico, unha aparición en Internet, etc. Polo que , para cada actuación existirá un indicador concreto.

Cada actuación de comunicación debe rexistrarse nun **soporte informático**, facilitado polo órgano xestor (Dirección Xeral de Familia e Inclusión), **de forma individual** e a entidade debe **recoller e almacenar electronicamente** todos os documentos, fotografías e calquera outro **soporte probatorio das actuacións** levadas a cabo co fin de ofrecer unha información rigorosa e comprobable e para que o seguimento funcione correctamente. **Aquelas actuacións que non leven asociado un soporte probatorio, documental y/o fotográfico, non poderán terse en conta para a xustificación de realización da divulgación.** É dicir se achegamos un cartel como unha actuación de divulgación

realizada haberá que achegar, xunto co cartel, unha proba gráfica na que se visualice a localización dese cartel.

As Entidades poden realizar diferentes accións de divulgación das medidas/operacións financiadas con FEDER ou FSE, e **como mínimo serán de obrigado cumprimento, nos termos establecidos, as sinaladas no apartado de responsabilidade das Entidades.**

É moi importante que a denominación das actuacións se faga dunha forma comprensible, evitando a utilización de acrónimos, siglas, códigos...que dificulten a identificación da mesma.

Para cada unha das actuacións recollerase a seguinte información:

- Data na que se produciu a actuación de comunicación que se rexistra
- Indicador de execución: dependerá do indicador que se rexistre
- Indicador de Resultado: medición dos logros ou impactos, número de asistentes, porcentaxe de publicacións distribuídas, número de visitas, etc.
- Custe estimado: custe total (cofinanciado ou con fondos propios) aproximado en termos económicos. Se o acto non implicou custe ningún de rexistrarse o valor 0. Se o alcance do acto sobrepasa o ámbito da UE, estimarase o custe de xeito proporcional á importancia deste último no conxunto da actividade. Débese ter especial coidado en rexistrar un valor cero en actuacións que na práctica habitual veñen supoñendo un custe efectivo e en vincular custe algún a actuacións que non o teñen (como o volcado na propia páxina web).

Tipoloxía de accións de divulgación

- Actividades e Actos públicos (Indicador tipo 1)

Neste apartado englobanse os actos de lanzamento de medidas subvencionadas con Fondo Social Europeo, actos informativos ou calquera outro eventos organizado para transmitir información sobre a política comunitaria en Galicia.

Son actos de presentación, cursos, seminarios, xornadas, etc.

Para este indicador o resultado medirase polo número de eventos realizados e o número de asistentes.

- Accións de difusión en medios de comunicación (Indicador tipo 2)

Actuacións de difusión realizadas nos medios de comunicación como Internet, Prensa, Radio, Televisión, etc utilizados de xeito individual ou formando parte dunha campaña publicitaria, con motivo de dar a coñecer a/s actuación/s concreta/s subvencionadas, entre a cidadanía.

No caso das cuñas de radio, a xustificación farase coa grabación (en CD ou calquera outro que permita a reprodución de audio e copia dos textos contidos da cuña). No caso da televisión, deberase conservar unha grabación da emisión realizada en DVD ou noutro formato accesible.

- Publicacións externas realizadas (Indicador de tipo 3)

Recole calquera tipo de publicación editada en calquera soporte dirixida ao público en xeral coa finalidade de dar a coñecer as actuacións realizadas. A tipoloxía de actuacións incluídas neste indicador serían os Cds, Di/Trípticos, DVDs, Folletos, Guías, Libros, Manuais, Revistas, etc.

O indicador de execución será o número de publicacións externas realizadas e o de realización será a % de publicacións distribuídas.

Se consideran tamén como puntos de distribución:

- A difusión electrónica, isto é, se é posible descargar a publicación por internet
- O envío directo masivo por correo electrónico

O indicador de execución será o número de publicacións externas e o de realización será a porcentaxe de publicacións distribuídas sobre as editadas. No caso de publicacións que se poidan descargar de forma aberta, de xeito electrónico, esta porcentaxe será necesariamente do 100%. Este dato irase actualizando a medida que avanza a distribución das publicacións, de xeito que na primeira cuantificación introducírase o dato do que se dispón nese momento; e, nas posteriores cuantificacións introducírase, ou ben o mesmo, para o caso de que non haxa modificación dese dato, ou ben o nº de puntos de distribución novos, para o caso de que este sufrira algunha variación

Unha vez que se establece o “mailing” ou listado de distribución dunha publicación dada o número de “puntos de distribución” cabe esperar que non varíe significativamente durante todo o período.

- Información a través de calquera tipo de carteleira (Indicador tipo 5)

Recóllense nel os distintos soportes empregados con fins publicitarios como pósteres, **carteis**, placas, expositores, stands e/ou valos e distinto material publicitario.

Lembramos que é obrigatorio para todas as Entidades subvencionadas **a colocación dun cartel** para cada unha das medidas subvencionadas, como xa se sinalou anteriormente no apartado de responsabilidades das Entidades.

O indicador de realización é o número de soportes publicitarios.

- Instrucións emitidas aos participantes (Indicador tipo 6)

Recole toda a documentación distribuída desde as Entidades para garantir a transparencia e unha maior eficiencia na utilización dos recursos. Abrangue actuacións como Circulares, correo, guías, informes, instrucións, manuais, recomendacións, etc.

O indicador de execución medirá o número de documentación interna distribuída e no de resultado a % de organismos cubertos.